


BAGDAD RAP



Dirección: Arturo Cisneros Samper.

País: España.

Ano: 2004.

Duración: 75 min.

xénero: Documental.

Guión: Santiago Alba Rico, Mikel Larramendi y Arturo Cisneros.

Producción: Arturo Cisneros Samper.

Música: Frank T, Ari, Zenit, Slektah Kolektiboa, Kase O, Sr. Rojo, Mikel Salas, Borja Alexandre e Guillaume Marsan.

Montaxe: Aritz Gorostiaga.

Estreo en España: 20 Maio 2005.

Unha denuncia social e unha chamada ó compromiso humanista de todo ser humano, é o que Arturo Cisneros, produtor e director da longametraxe Bagdad Rap quere reflectir a ritmo de hip hop e rap.

A experiencia de 10 anos en produción de espectáculos en Pamplona, concertos e documentais de denuncia social que realizara Cisneros, déronlle a pauta para crear unha longametraxe-documental que acadara captar a atención do mundo para por un alto á carnicería en Kosovo e noutros lugares.

Fusionar a música de hip hop e rap a unha historia da vida real con tanta crueza e tristura non foi doado, sen embargo logrou captar a atención de tal maneira que a película tivo a súa premiere no Festival de Cine Latino en Los Ángeles.

Bagdad Rap é un documental que encerra a crúa e difícil realidade que viven os habitantes de Irak tras os bombardeos das forzas armadas dos Estados Unidos, e anque a cinta pode ser cualificada como “anti-Bush” o único que pretende é crear conciencia e mover sentimentos que paren as guerras.

FALANDO CON ARTURO CISNEROS

¿Cómo nace a idea do documental en Bagdad? ¿Cal é a temática que aborda?

Surxe a necesidade de ser útil e dar unha sinal de alarma con todo o que se viña enriba no ano 2003. Sabiamos que se avenciñaba unha guerra inxusta, unha carnicería. Existía moito medo e non había suficiente información do que ocorría en torno ós bombardeos. Fixemos o documental porque é parte do noso compromiso humanista coa sociedade, co mundo.

A pesar de viaxar a Bagdad coa finalidade de filmar o documental e enfocarse a reflectir a situación que alí se vive, para o equipo de Cisneros non foi doado manterse ó marxe dos sentimentos, pois pasaron momentos moi duros no medio da crueldade que estaba ante os seus ollos.



“Hai dous momentos moi duros na historia: Alice Mayal, a historia dun neno de 12 anos que perdeu a 12 membros da súa familia e os seus dous brazos tras un bombardeo, viviu unha grande traxedia, e coñecelo foi impactante. Tamén o foi cando coñecemos á doutora Hassan e o seu traballo ó sur de Irak, onde ela traballa nun hospital pediátrico e afronta unha constante realidade de malformacións en recién nacidos, distintos tipos de cancro, e centos de casos que se duplican pois non

existen moitas axudas por parte do goberno”, comenta Arturo. “Dalgunha maneira sentes moita rabia por ese tipo de situacións e tento canalizala a través da película, queremos que pare a masacre e desenmascarar as grandes cabezas que están detrás de todo isto”, agrega.

UNHA FERRAMENTA QUE TRANSFORMA O DOCUMENTAL

¿Por qué a narración do documental dase a ritmo de hip hop?

Dada a miña condición de produtor musical e vendo as caras emocionadas do público que corea as letras de denuncia social, e de ver todas esas gargantas unidas nun só berro, eso abraioume moito. Para captar a atención de xoves xeracións que teñen a idea de que un documental pode ser aburrido, Arturo puxo en práctica a idea de fusionar dunha forma diferente a música ás imaxes.

“Á xente moza dificilmente lles seduce o documental tradicional, e nesa busca de novas linguaxes audiovisuais que denuncian situacións como estas, vimos que quizá de contar unha película a ritmo de hip hop e rap poderíamos chegar a máis público, é un documental dixeríbel e comprensíbel para xente moza, pois está editado a ritmo dos vídeo clips que están acostumbrados a ver. Adaptámolo e funcionou moi ben”, comenta.

¿Non temes que por ser narrado con música perda un pouco a seriedade dun documental?

O medo o tiñamos antes de empezar a aventura, pero cando compartimos tempo cos músicos que participan na banda sonora e a xente mozo, vimos que lonxe de trivializar ou caer en tópicos, afondamos dunha maneira digna de eloxio, comprensíbel para os xoves, atopamos unha linguaxe da rúa, directa e de moitas saídas: a banda sonora é unha poesía.